

ACTA DA SESIÓN DO 10 DE XUÑO DE 2024 PARA CONSTESTAR ALEGACIÓNS ÁS VALORACIÓNS PROVISIONAIS DE PEÓNS DE MEDIO – AMBIENTE E XARDINERÍA PARA O SERVIZO DE BRIGADA DE MANTEMENTO MUNICIPAL .

Na Casa do Concello de Vilardevós , sendo as 10:00 horas do día 10 de xuño de 2024 reunidos os integrantes do tribunal cualificador para examinar as alegacións presentadas ás valoracións provisionais da fase de oposición-concurso de méritos aportada polos/as aspirantes para o posto de peóns de medio – ambiente e xardinería para o servizo de brigada de mantemento municipal, de acordo coas bases e convocatoria de oposición, asinadas con data 14/05/2024.

Cargo	Identidade	Posto
Presidente	Santiago Dosantos Ferreira	Chófer tractorista Mancomunidade de Verín
1º vogal	María Pilar Blanco Barreira	Auxiliar administrativa Concello de Vilardevós
Secretaria	Maria Jesús Romero Chillón	Secretaria Concello de Vilardevós

Aberta a sesión , dase conta do certificado de secretaria de data 10 de xuño de 20247 sobre as alegacións presentadas.

1º.- Alegación presentada por D. 2024-E-RC-611 do 06/06/2024 D. Juan Manuel Rodriguez Chaves achegando contrato de traballo para a formacion e aprendizaxe e diplomas.

Examinada a documentación aportada e as bases que rixen o proceso de selección resulta:

.- D. Juan Manuel Rodriguez Chaves aporta un contrato dun Obradoiro de Peón aprondiz de colocador de pedra natural (Cantería) .En prazo presentou vida laboral para acreditar a súa experiencia profesional pero non os contratos de traballo ou certificados de empresa , debendo ser aportados coa vida laboral para a súa valoración.Polo que trátase dun defecto subsanable, e debe ser admitido.

Acordada a admisión do novo contrato o Tribunal procede a valorar o contido do mesmo e segundo as bases valóranse servizos remunerados prestados na **mesma categoría ou similar á do posto ao que se opta.**

O tribunal considera que dito contrato non ten relación co posto ofertado e polo tanto non se pode valorar como experiencia para o posto.

.-D. Juan Manuel Rodriguez Chaves aporta certificados de cursos para a súa valoración. Estes cursos non foron aportados en forma e prazo nos cinco días concedidos a tal fin. Non é como no caso da experiencia profesional , foi aportada en prazo pero non completa, neste



caso non se poden admitir a valoración dos cursos pois non é subsanación de un mérito xa aportado , se non aportación de novos méritos fora de prazo.

Precede desestimar as alegacións presentadas polo motivos indicados,e confirmar a puntuación provisional dada ao candidato

2º.- En relación ao correo recibido no concello aportando o ingreso hospitalario de D. Serafín Rúa Falgueira.

Considerando ao abeiro das bases reguladoras que a proba de galego (por non aportar o Celga 2) era obrigatoria , así como as probas da fase de oposición (proba teórica e proba práctica), aínda que a causa de ausencia é xustificada non procede modificar a calificación de que DECAE NO SEU DEREITO.

Por todo elo , o Tribunal acorda desestimar as alegacións presentadas segundo o reflexado na acta e elevar a definitivas as valoracións provisionais, resultando :

NOME E APELIDOS	MÉRITOS	FASE OPOSICIÓN	PUNTUACIÓN TOTAL
MANUEL JOSE BARREIRA FERNANDES	2,5	5,4	7,9
ROSA MARI FIRVIDA CASADO	2,8	5,1	7,9
DANIEL BARREIRA FORJANES	0	5,6	5,6
JUAN MANUEL RODRIGUEZ CHAVES	0	5,6	5,6
MANUEL BLANCO ALVAREZ	0	4,9	4,9

O presidente dá por rematada a reunión da cualificación ,e se acorda a súa publicación.

O presidente,

A Vogal,

A Secretaria

Firmado por ROMERO
CHILLON MARIA JESUS
- ***1193** el día
10/06/2024 con un
certificado emitido
por AC FNMT
Usuarios